

# TAL

## Tándem de Activación Lingüística

### **Programa**

É unha iniciativa aberta dirixida a dúas categorías de persoas voluntarios ou activos. As persoas voluntarias deben ter un bo nivel de galego e, a través deste programa, compartirán os seus coñecementos da lingua e da cultura galega con outras persoas que o precisan (as activas).

Pola contra, as activas son aquelas persoas que desexan coñecer máis sobre Galiza e sobre a súa lingua e cultura. En moitos casos, poden ser persoas que veñen de fóra para instalarse temporal ou permanentemente no noso país (estudantes, traballadores, etc), pero tamén pode ser calquera galego ou galega que queira afondar no coñecemento da nosa realidade.

### **Desenvolvemento**

O programa consiste en promover a formación de parellas de voluntarios e persoas (activas) que queiran aprender máis sobre a lingua e a cultura galega. Cada parella comprométese a relacionarse un mínimo de 10 sesións dunha hora, coa premisa de falar galego ou de

tentar falalo o máximo posíbel. A persoa voluntaria encárgase de guiar a persoa activa no maior coñecemento da cultura e da lingua galega. Trátase de superar as dificultades de falar en galego e poder aplicalo á vida cotiá, ademais de promover en moitos casos a relación de persoas de distintas culturas. As parellas que se conformen poderán facer aquilo que sexa do seu interese, dende falar e xantar até ir ver unha exposición ou facer trámites administrativos.

No caso das persoas activas que sexan de fóra, facilitaráselle a súa estadía en Galiza, podendo apreciar ademais a diversidade das manifestacións culturais galegas, xa que o programa propiciará ademais actividades de lecer e de intercambio. Foméntanse así as relacións interculturais e o intercambio de experiencias tendo como vehículo fundamental a lingua galega.

Todas as persoas interesadas nesta iniciativa poden obter información sobre a mesma na páxina web da EOI e xa se poden inscribir mandando un mail a : [enl@eoisantiago.org](mailto:enl@eoisantiago.org)